


# INFORME DE AVALIACIÓN DO PAT

## (Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural)

---

Curso 2019/20

R2 DO-0203 P1



## INFORME PAT CURSO ACADÉMICO 2019/2020

### Reunión 1:

Día 18 de decembro de 2019

Como titor do PAT do “Máster en Valoración, Gestión y Protección del Patrimonio de la Universidad de Vigo” convoquei ao alumnado a unha primeira titoría grupal no mes de decembro coa finalidade de coñecer de primeira man posibles problemas xurdidos durante o primeiro cuatrimestre.

Nesta reunión, realizada de xeito virtual na plataforma e-meeting, participaron 5 alumnos/as. No entanto, actuaban de voceiros do resto xa que previamente tiveran unha reunión e consensuaron os temas a tratar.

De xeito sintético, os problemas que me trasladaron foron os seguintes:

- Continuos fallos na plataforma como: vídeos que non contan con audio ou audios que non van acompañadas de imaxes.

Comentario do titor: estes problemas soen ser habituais pero acaban por solucionarse. Moitos deles veñen dado polo descoñecemento inicial do alumnado da plataforma FAITIC e tamén do e-meeting.

- Continuos problemas coa resposta aos correos con dúbidas ao coordinador. En moitos casos non se recibe resposta e noutros chega demasiado tarde.

Comentario do titor: Este problema xa foi detectado en anteriores cursos.

- Este problema tamén é detectado nos foros de cada materia, onde sistematicamente o/a docente/s non responden. Nun caso, un dos profesores non estaba a recibir os avisos ao seu correo, solucionándose o problema.

Comentario do titor: non soe ser habitual esta queixa. Pode ser algo casual deste ano. Hai que manterse alerta para que non se repita esta situación.

- O alumnado sinala que na totalidade das materias (201-205) do módulo II os titoriais están desfasados en relación as novas versións dos programas que hai que utilizar. Sinalan que esta queixa foi trasladada a certos profesores e non foi atendida.

Comentario do titor: trátase dunha queixa nova que debe ser trasladada ao profesorado destas materias para que corrixa esta deficiencia.

- Como feito grave, sinalan que moitos dos alumnos/as contan con equipos informáticos incompatibles cos programas que hai que manexar, especialmente naquelas materiais máis técnicas que ademais non coinciden cos perfiles da maioría do alumnado. Isto fai que sexa maior a dificultade para afrontar estas materias.

Comentario do titor: considero este feito como moi grave e que debe ser solucionado de inmediato xa que limita o correcto funcionamento do máster e crea desigualdade entre o alumnado.

- Problemas coa elección de traballo fin de máster e de titor. O alumnado indica que non se senten capacitados para escoller titor e tema ao non contar coa información de moitas das liñas de investigación e ao non coñecer a totalidade do profesorado. Sinalan que necesitarían unha sesión onde participase a meirande parte do profesorado (especialmente aqueles das materias do 2º cuatrimestre) e que propuxesen temas de traballos.

Comentario do titor: Este problema xa foi detectado en anteriores cursos. É evidente que algo non está a funcionar e debe ser corrixido.

Ao final da reunión decídese acordar unha nova reunión para finais do 2º cuatrimestre.

Entre as dúas reunións do PAT, como titor, recibín numerosas mensaxes (18 de febreiro, 4 e 5 de marzo, 4 e 22 de xuño) solicitándome axuda en diferentes ámbitos. No entanto, en todos os casos coincidía que a demanda fora enviada con anterioridade ao Coordinador e non fora atendida. En todos os casos, respondín ao mail e trasladei o problema ao Coordinador ao ser a única persoa que podía solucionalo.

Por desgraza, non se cumpriu o *planning* previsto do PAT e a segunda reunión non se convocará ata outubro de 2020. Nesta ocasión, co obxectivo de calibrar as continuas queixas que estaban a chegar sobre os problemas de matrícula dos alumnos do ano pasado, a convalidación das prácticas e problemas coas cualificacións de determinadas materias. Polo tanto, convocouse ao alumnado do curso 2019-2020 a unha nova titoría grupal para tratar estes asuntos e comentar os problemas existentes durante o período de pandemia que afectou ao 2º cuatrimestre e, de xeito especial, ao TFM e as prácticas.

### **Reunión 2:**

Día 9 de outubro de 2020

A esta reunión acudiron 3 alumnos/as en representación da maioría do alumnado do curso 19-20.

De xeito sucinto os comentarios foron os seguintes:

- É necesario avisar previamente aos alumnos da necesidade dun bo equipo informático para as asignaturas máis técnicas.

Comentario do titor: Queixa da 1ª reunión. considero este feito como moi grave e que debe ser solucionado de inmediato xa que limita o correcto funcionamento do máster e crea desigualdade entre o alumnado.

- Simplificar os programas ou poñerse de acordo entre as asignaturas e/ou profesores para non duplicar descargas de programas similares que dan problemas serios nos ordenadores pola falta de capacidade.

Comentario do titor: debe comunicarse aos profesores destas materias.

- Como é un Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, as asignaturas destas especialidades de Historia ou Xeografía, deberían ter máis peso, facendo referencia ao título do mestrado e á formación da maioría dos alumnos da facultade, e non as técnicas que son máis de representación e de enxeñería.

Comentario do titor: é unha apreciación do alumnado deste ano. Outros anos non se ten recibido esta queixa ou suxestión. Pode ser debido ao perfil humanístico da maioría do alumnado deste ano.

- Facer unha entrega previa antes da entrega final da materia, como se fai en Difusión e Educación Patrimonial (corríxese, indícanse os erros para corrixir antes da entrega final, mellora moito os resultados e orientan ao alumno máis que estar preguntando). Isto sería especialmente desexable nas asignaturas máis técnicas.

Comentario do titor: pódese aconsellar ao profesorado este tipo de accións.

- Ter en conta os pasos dados en materias nos que falla o programa informático, moitas veces esfórzanse máis os que teñen problemas e non poden avanzar máis que os que non sufriron atrancos, que se valore o esforzo resolutivo aínda que non se obteñan os resultados finais.

Comentario do titor: Trátase dunha apreciación persoal deste ano.

- Xa se propuxera ter unha reunión orientativa co profesorado sobre o TFM en xaneiro, que, finalmente, non se fixo. Incluso mellor facela no 1º trimestre.

Comentario do titor: debe implementarse de xeito urxente este ano esta reunión de TFM.

- Xuntar ao formulario de matrículas fóra de prazo un tempo ou prazo de resolución e un correo claro ao que dirixirse en caso de consulta ou moratoria no tempo disposto para a resposta como coas matrículas ordinarias.

Comentario do titor: este problema de matrícula e prazos foi debido aos problemas derivados dos atrasos polo COVID-19. Trátase polo tanto dunha situación extraordinaria

Como problemas máis destacables a solucionar sinalaron:

- Lentitude de resposta por unha parte do profesorado ás consultas do alumnado, en especial do Coordinador.

Comentario do titor: problema grave e recorrente de todos os anos.

- O aviso a última hora dos que se quedaron sen prácticas e problemas de comunicación co profesor responsable das mesmas, tarda moito en responder se non se esquece.

Comentario do titor: problema froito da situación extraordinaria deste ano.

- Non houbo máis que unha reunión titorial, no 1º trimestre.

Comentario do titor: non se debe repetir a falla dunha segunda reunión co titor e acepto a crítica por parte do alumnado.

- Moito descontrol co calendario dos TFM, hai que informar con máis tempo e mellor. Algúns non recibiron a nota, desde xullo, ata a publicación das mesmas a finais de setembro.

Comentario do titor: esta queixa é froito do descoñecemento do novo calendario de TFM que alcanza na mesma convocatoria o mes de setembro e por elo o tempo transcorrido entre a defensa e a cualificación, no caso dos TFM de xullo. Parece necesario informar ao alumnado desta situación para evitarlle preocupacións. A reunión de TFM pode ser un bo momento para elo.

Ademáis das queixas e os problemas, o alumnado sinalou o seguinte aspecto en positivo:

- En particular, valoramos moito o esforzo dos profesores auxiliares, que, normalmente, e especialmente nas asignaturas máis técnicas, son os que máis axudan e aclaran.

## PROPOSTA DO TITOR:

Á vista das informacións recollidas neste informe do PAT (2019-2020), propoño unha serie de medidas correctoras urxentes que se deberían implementar para a mellora do título:

1. Incluír na información xeral do máster o equipamento informático necesario para afrontar as materias que se van cursar. Indicar as características mínimas dos equipos e o número de programas que se van ter que instalar e o espazo que fai falla nos equipos.
2. Incluír unha sesión en e-meeting de TFM, onde os profesores do máster oferten traballos de investigación para elaboración de TFMs. Esta sesión debe realizarse con anterioridade ao Nadal ou xusto despois das vacacións, momento previo á elección de titor e tema. Esta claro, visto as continuas queixas do alumnado referente a este tema, que as solucións actuais non están a funcionar correctamente. O Coordinador debe tomar cartas no asunto e dirixirse ao profesorado para desenvolver unha sesión de TFM o máis completa posible que substitúa aos mecanismos de anos anteriores. Deste xeito, o alumnado poderá decidirse por temáticas máis próximas ao seu perfil e a materias que aínda non cursou, como aquelas que se imparten a partires do mes de febreiro.
3. O Coordinador, como a persoa responsable de boa parte do correcto funcionamento do máster, ten a obriga de responder en tempo e forma aos correos do alumnado ou derivalos inmediatamente a quen corresponda. Isto ten que solucionarse inmediatamente xa que se trata dun problema que se repite nas titorías do PAT desde hai 4 anos.

Por último, resaltar o ascenso de participación nas enquisas de satisfacción acadándose un 61,90% que pode ser a cifra máis elevada ata o de agora.

Sen máis, asino este Informe do PAT 2019-2020

En Ourense a 21 de outubro de 2020

Adolfo Fernández Fernández